

Lancara (Lugo), 26-XII-1953

Meu querido amigo:

Cando me dispoña a sair pra estas terras luguesas a pasar o Nadal co-a familia, chegou o teu fermoso "Libro de Topas". Xa o tiña visto na casa do Domingos e moito me gostara. Dous días antes, estando Domingos e máis eu na casa de Paos, en Vigo, e con ocasión de falarmos do teu libro, díxome Domingos que che tiña escrito pedíndosche un exemplar pra min. Eu alegreime moito co-a noticia, pois non me houbera atrevido a facelo. Cando o carteiro me trouxo o libro enviado por ti, xa poder figurarte a miña emoción. Frouxemos a Lugo pra lle-lo a moitos dos amigos de L por aquí (Pimentel, Celestino, Anxel Xohan, Mamei Mañé, Novoneyra, etc.).

Zamen na casa do Domingos vemos moitas veces un espléndido lenzo teu, no que resplandece un limpo celme galego que non deixa de ser sorprendente. Xa se trata de ver que si o pintor está louxe da Terra, tena, en cambio, moi viva e moi acesa no corazón.

Nestes días sairá un novo tomo de ensaios editado por "Galaxia" e adicado ó tema da Saudade. A continuación sairá a primeira monografía de arte galega, que está adicada a Colmeiro.

Dentro de uns días - en canto chegue ás miñas mans - enviareiche un novo traballo que fixen sobre a Saudade. Eu penso que isto é unha vía na que artistas e filósofos poden colaborar pra acadar unha fisonomía expresiva do noso ser íntimo. Niste novo traballo percurro trazar as liñas fundamentais de unha filosofía baseada na vivencia da Saudade. Dareime por moi satisfeito con que contribuíra a lle prestar atención ó problema.

Unha aperta moi forte do teu bo amigo

Ramon Piñeiro